

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DE MOAÑA E A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA E MELLORA DA NAVE DE DEPORTES NÁUTICOS NO PORTO DE MOAÑA**REUNIDOS**

Don Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomea conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Dona Leticia Santos Paz, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Moaña, con domicilio aos efectos deste convenio en Rúa As Barxas 2, 36950 Moaña, Pontevedra, España, facultada para este acto en virtude das competencias que lle reconece o artigo 21.1º.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e o 61.1º.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Don José Antonio Álvarez Vidal, no nome e representación da Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia, da Consellería do Mar, na súa calidade de Presidente, cargo para o que foi nomeado por Decreto 101/2023, do 29 de xuño (DOG nº124 do 30 de xuño), con domicilio aos efectos deste convenio na Praza de Europa, nº 5A, 6º, Área Central, Polígono de Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), actuando en virtude das facultades que a tal efecto lle confiren os artigos 12.3.a) e 12.3.g) da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de portos de Galicia (DOG nº236 do 14.12.2017).

As partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio así como para exercer as súas competencias en materia de deporte baixo os principios de cooperación, colaboración, coordinación e información multilateral establecidos na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Actuando todos eles coas facultades que os seus respectivos cargos e habilitacións lles confiren,

EXPOÑEN

I.- A entidade pública empresarial Portos de Galicia (en adiante Portos de Galicia), conforme aos artigos 1, 2 e 4 da súa lei 6/2017, de 12 de decembro, de portos de Galicia, ten entre os seus obxectivos básicos, o fomento das actividades comerciais e industriais relacionadas co tráfico portuario, a integración dos portos no entorno municipal e social dinamizando a actividade portuaria e cultura do mar, e en xeral o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

Portos de Galicia, procura a integración posible entre as infraestruturas porto e a vila que faciliten, non só a intermodalidade, senón tamén unha axeitada coordinación das relacións e necesidades das entidades e corporacións que interactúan no porto e na vila.

II.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.

O artigo 6 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece que para o mellor exercicio das súas competencias, a Administración autonómica poderá subscribir convenios de colaboración coas demais administracións públicas e entidades públicas e privadas vinculadas á actividade deportiva.



O Decreto 136/2024. Do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte, as competencias e funcións en materia de deportes e, en particular, o deseño, a programación, o desenvolvemento e a execución da política deportiva de Galicia así como a promoción e a execución de infraestruturas de titularidade municipal mediante convenios de colaboración coas administracións locais.

III.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispón no artigo 25.2.l) que os concellos exercerán en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, entre outras materias as de promoción do deporte e instalacións deportivas.

No marco da lexislación básica do Estado, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que os concellos exercerán entre outras competencias as relativas a actividades e instalacións culturais e deportivas (artigo 80.2.n) e poderán celebrar coa Xunta de Galicia convenios de cooperación para unha xestión máis eficaz das súas competencias (artigo 198).

IV.- Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan as instalacións deportivas de uso público.

V.- Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, figuran as de cooperación e colaboración, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscripción de convenios.

Neste mesmo senso, o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

VI. As administracións públicas asinantes deste convenio son conscientes de que o incremento e mellora das condicións que esixe a práctica deportiva reclama unha mellor dotación de infraestruturas municipais, de forma que permitan dar satisfacción á crecente demanda social existente na materia.

VII. Portos de Galicia, procura a integración posible entre as infraestruturas do porto e a vila e que faciliten, non só a intermodalidade, senón tamén unha axeitada coordinación das relacións e necesidades das entidades e corporacións que interactúan no porto e na vila. Neste senso, trata de promover unha actuación consistente na: Mellora da Nave de deportes náuticos de Tirán, sita no Porto de Moaña

As actuacións obxecto do acordo consisten basicamente na reparación e reforzo das cubertas, eliminación de desniveis na planta baixa, ampliación do edificio cunha parte cuberta para almacenamento de remolques e transportes de embarcacións, reparación e pintado da fachada e melloras do interior, tales como a disposición dun novo vestiario accesible en planta baixa. Con elo, pretendese dotar a instalación, dunha óptima adecuación para os usos deportivos e mellorar a súa imaxe.

VIII. O Concello de Moaña dispón dunha concesión demanial outorgada por Portos de Galicia desde o 11 de maio de 2017 por 10 anos prorrogables, sobre as instalacións desta nave sita no Porto de



Moaña, onde ten a súa sede o club de remo da localidade, S. D de Tirán e é do seu interese adecuar estas instalacións que presentan un deterioro importante, así como adaptala a novos requirimentos funcionais.

IX. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no exercicio das súas competencias e funcións, ten previsto na súa planificación a mellora das infraestruturas deportivas da Comunidade Autónoma de Galicia, destacando o seu interese por participar naquelas actuacións que potencian o deporte base e sendo consciente da importancia da súa colaboración económica cos concellos para afrontar obras que beneficien ao conxunto dos cidadáns para a práctica deportiva.

Acorde co anterior, a actuación do convenio, pola súa finalidade, forma parte dunha das súas principais liña de acción e a tal fin, encargou un proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Colexiado nº 10746 C.O.A.G, don Cristóbal Ocariz Meana, que determina un orzamento de contrata de 288.015,97 € euros para acometer as obras de reforma e mellora da nave de deportes náuticos do Porto de Moaña.

Por todo o anterior, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, Portos de Galicia, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Moaña, deciden subscribir este convenio que se suxeitará ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a entidade pública empresarial Portos de Galicia da Consellería do Mar, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Moaña, que permitan acometer as obras de reforma e mellora da Nave de deportes náuticos no porto de Moaña, segundo o proxecto " Proxecto básico e de execución de reforma de nave SD. Tirán" redactado polo arquitecto Cristóbal Ocariz Meana en data 21.02.2023

SEGUNDA: INVESTIMENTO PROGRAMADO E COFINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á cantidade de trescentos vinte e oito mil novecentos dezasete euros con cincuenta e sete céntimos (328.917,57 €), IVE incluído, segundo o seguinte detalle:

IMPORTES	TOTAL PROXECTO	10% SALDO POSIBLE LIQUIDACIÓN	HONORARIOS DE DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE	TOTAL COMPROMISO
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN SIN IVE	238.029,73 €	23.802,97 €	10.000 €	271.832,70€
IVE	49.986,24 €	4.998,62€	2.100 €	57.084,86€
TOTAL IVE INCLUIDO	288.015,97 €	28.801,60€	12.100 €	328.917,57 €

➤ A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, achegará a cantidade de noventa mil seiscentos dez euros con noventa céntimos (90.610,90€ sen IVE) con cargo a aplicación orzamentaria



35.02.441A.74002 código de proxecto 2013 00039 do orzamento de gastos da Secretaría Xeral para o Deporte para o exercicio 2024.

Anualidade 2024	90.610,90€
-----------------------	------------

➤ O Concello de Moaña achegará a cantidade de noventa mil seiscientos dez euros con noventa céntimos (90.610,90€ sen IVE), con cargo a aplicación orzamentaria 3420.75100 do seu orzamento de gastos do exercicio 2024

Anualidade 2024	90.610,90€
-----------------------	------------

➤ Portos de Galicia achegará a cantidade de noventa mil seiscientos dez euros con noventa céntimos (90.610,90€ sen IVE), con cargo a aplicación orzamentaria Investimentos reais 62206 – Edificacións do Orzamento de capital; Código proxecto: 324023 do seu orzamento de gastos do exercicio 2024

Anualidade 2024	90.610,90€
-----------------------	------------

IVA Soportado e deducible por Portos de Galicia: 57.084,86€ (Concepto non orzamentario)

As aportacións en canto á cofinanciación, tanto do Concello de Moaña como de Consellería serán pola parte correspondente ao orzamento base de licitación sen IVE, dado que para a EPE Portos de Galicia o IVE é deducible fiscalmente e polo tanto recuperable.

As achegas económicas de todas as entidades, limitaranse ao pactado no presente convenio, polo que non asumiran os aumentos que se produzan por modificados, complementarios ou por calquera outra causa que supere as cantidades máximas establecidas nesta cláusula, agás o importe xa integrado nas contribucións económicas pactadas polas partes, de revisión de prezos e do axuste de medición, cubicaxes e unidades de obra que serán abonados polas tres partes en proporción ás súas aportacións respectivas e en función das unidades de obra afectadas, ata un límite máximo de 10 % do orzamento de adxudicación sen que se requira expediente de modificado de contrato.

No obstante se fora necesario aumentar a cantidade establecida nesta cláusula polos motivos expostos, a comisión de seguimento, de mutuo acordo, poderá propoñer a sinatura dunha addenda establecendo as cantidades máximas que deberán aportar as partes, para o financiamento das incidencias de execución das obras de reforma e mellora da Nave de deportes náuticos no porto de Moaña, segundo o proxecto redactado polo arquitecto Cristóbal Ocariz Meana. Neste caso a contía da contribución económica de cada parte asinante será proporcional á aportación inicial de cada unha delas.

As achegas económicas das partes asinantes veranse diminuídas en igual proporción que a resulte de imputar as baixas que se obteñan nas respectivas adxudicacións. As baixas aplicaranse ao remate das obras, coa xustificación do cumprimento do obxecto deste convenio e o seu custo real, axustando a cantidade resultante a financiar por cada parte.

Durante a execución das obras, e atendendo ao seu grado de execución, Portos de Galicia, emitirá unha certificación contable da execución por importe do 33 por cen (33%) do Orzamento base de execución (SEN IVE) de cada certificación de obra, e o Concello de Moaña e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, dentro dos prazos legais para aboar as certificacións de obra sen incorrer en mora do pago por parte da Administración perante o contratista, procederán a ordenar as transferencias do dito importe a Portos de Galicia.



TERCEIRA: COMPROMISOS DAS PARTES

3.1.- Obrigas de Portos de Galicia

3.1.1 - Levar a cabo, as actuacións consistentes na contratación da execución e a dirección das obras sinaladas na cláusula primeira e a xestión das mesmas ata completar a súa finalización, conforme ao proxecto aprobado, e formalizar os actos de recepción, todo elo conforme á lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

3.1.2- As obras serán realizadas polo contratista que sexa seleccionado por Portos de Galicia, dando conta ao Concello de Moaña e á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da elección, así como de calquera modificación do proxecto, prórrogas de prazos establecidos na adxudicación ou alteracións de calquera outros elementos básicos que configuren as ditas obras.

3.1.3.- Será responsabilidade de Portos de Galicia a elaboración da documentación necesaria para dar cumprimento á normativa de seguridade e saúde, especialmente ao establecido na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (BOE núm. 269 do 10.11.1995) e no Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción (BOE núm. 256 do 25.10.1997). Prestarase especial atención no caso de que a actuación comprenda algún dos traballos que implican riscos especiais para a seguridade e a saúde dos traballadores, recollidos no anexo II do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro.

3.1.4.- Así mesmo, é responsabilidade de Portos de Galicia, a designación do coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra, no caso de que sexa necesario, de acordo co establecido no artigo 3.2 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro.

3.1.5- Autorizar ao concello de Moaña á explotación das instalacións adicadas a deporte de remo e outras actividades náuticas deportivas compatibles coas anteriores

3.1.6- Nin as anteriores autorizacións, nin os pactos e as obrigas estipuladas neste convenio supoñen alteración da titularidade ou cualificación xurídica dos bens e dereitos portuarios afectados nin da súa xestión e explotación, vinculados aos fins portuarios, manténdose a prevalencia da competencia portuaria.

3.1.7- A propiedade de cantas obras e elementos de todo tipo se incorporen ás instalacións obxecto deste convenio, na parte na que son executadas en dominio público portuario, corresponderá a Portos de Galicia, gratuitamente e libre de cargas e gravames, quedando estas, de pleno dereito e por efecto directo deste convenio, incorporadas ao dominio público portuario de Moaña, adscrito para a súa xestión a Portos de Galicia.

3.1.8- Levar a cabo, se fose o caso, ás xestións necesarias co redactor do proxecto para a execución de modificacións , complementarios ou revisión de prezos, coa conformidade do resto das partes e tendo en conta que o criterio de reparto dos custes destas actuacións será o establecido na cláusula segunda deste convenio.

3.1.9 -A recepción das obras farase por Portos de Galicia , quen dará conta dela ao Concello de Moaña e á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes mediante a achega da acta consignada para o efecto, entendéndose que con tal comunicación prodúcese o nacemento das obrigas asumidas polas partes na cláusula segunda.

3.2.- Obrigas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, obrígase ao pagamento da achega indicada na cláusula segunda e para tal fin, efectuará a oportuna



retención de crédito achegando xustificación acreditativa de tal acto aos servizos de Portos de Galicia.

3.3.-Obrigas do Concello de Moaña

3.3.1.-Poñer a disposición de Portos de Galicia as instalacións da nave para a execución das obras obxecto do convenio e asumir, unha vez realizadas as obras, e logo de comunicación de Portos de Galicia, a explotación e conservación das ditas instalacións.

3.3.2.-Antes da sinatura do presente convenio, o concello deberá achegar ao órgano de contratación de Portos de Galicia, o xustificante dos compromisos económicos da cláusula segunda.

3.3.3.- Expedir todos os permisos e autorizacións que fosen necesarios para a execución das obras, sen tributo, prezo ou exacción reguladora algunha contra Portos de Galicia ou contra a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia.

3.3.4- Explotar a instalación obxecto do proxecto durante o período recollido no presente convenio para uso de prácticas deportivas de remo e outras compatibles.

3.3.5- Deberán destinar os bens sobre os que se realicen as obras ao fin concreto obxecto do convenio por período non inferior a cinco anos, ao tratarse de bens inscrites nun rexistro público. En particular, no ámbito da programación deportiva desta instalación, facilitarán o uso gratuito da instalación para todas aquelas competicións deportivas oficiais organizadas ou promovidas pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, previa sinatura dun convenio de colaboración entre ambas institucións que regulen os aspectos desta actuación. Así mesmo, comprométese a favorecer e facilitar a celebración de competicións deportivas de carácter oficial promovidas polas distintas federacións deportivas de Galicia.

3.3.6 -Soportar os gastos de consumos por servizos, así como o mantemento e a conservación do inmovible e outros asociados como impostos municipais.

A xestión, mantemento e conservación da instalación deportiva, que terá como destino un uso ou servizo de deportes náuticos, será responsabilidade exclusiva do Concello de Moaña e serán de conta deles a totalidade dos gastos que xere. A asunción de tal responsabilidade producirase desde o día seguinte ao de realización da acta de recepción das obras.

O Concello de Moaña garante o uso gratuito da instalación cando se precise para posibilitar a celebración de competicións deportivas oficiais organizadas ou promovidas pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Así mesmo, comprométese a favorecer e facilitar a celebración de competicións deportivas de carácter oficial promovidas polas distintas federacións deportivas de Galicia. No caso de conflito ou discrepancia, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, por solicitude dalgunha das partes, poderá actuar como árbitro.

No suposto de que a xestión sexa encomendada a terceiros, as obrigas anteriores deberán constar como carga no correspondente prego de bases.

3.3.7- Facer fronte ás taxas que lles correspondan coa súa correspondente bonificación

CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO



Dentro do prazo de quince días, a contar dende a data de asinamento deste convenio, crearase unha comisión mixta de seguimento e control da execución do convenio, que resolverá as controversias que puideran xurdir.

Serán funcións desta comisión:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos que constitúen o seu obxecto, propoñendo aquelas actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do presente convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio.

A comisión de seguimento estará integrada por 2 vogais en representación de cada parte asinante, que serán nomeados por cada unha delas.

A este respecto, o nomeamento de Portos de Galicia recae na persoa que desenvolva a xefatura de Infraestruturas, Medio Ambiente e Seguridade e o Xefe de Zona Sur de Portos de Galicia

QUINTA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN CONTRACTUAL

Este convenio non supón asociación algunha ou dependencia entre o persoal dependente das partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo obriga específica e exclusiva de cada unha delas cumprir con cantas obrigas legais que como empregadores lle correspondan no desenvolvemento da súa actividade, ao abeiro deste convenio. Deste xeito, a subscripción do presente convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes asinantes deste convenio e os profesionais e empresas que por conta das partes asinantes desenvolvan as actividades obxecto do mesmo, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa, indirecta ou subsidiariamente polos actos ou consecuencias acaecidas no desenvolvemento do dito convenio.

SEXTA. RESPONSABILIDADE FRONTE A TERCEIROS

Tendo en conta os riscos que se podan derivar da utilización das instalacións para o fin ao que están destinadas, as partes responderán respectivamente dos danos que se deriven para estas así como para terceiros, polo cumprimento defectuoso das obrigas que cada unha asume por medio deste convenio e sen prexuízo do réxime de responsabilidades que se establecen na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, respecto do autor do proxecto das obras e do contratista executor destas e da Lei de ordenación da edificación.

Na xestión e uso das instalacións da nave, a responsabilidade regulada nesta cláusula establécese nos termos do artigo 33 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Responderá en primeira instancia o Concello de Moaña.

Ao abeiro do dito artigo 33 apartado 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a competencia para instruír o expediente de reclamación patrimonial corresponderalle á EPE Portos de Galicia. En todo caso, o Concello de Moaña e a Consellería, terán a consideración de interesados nos procedementos administrativos de reclamación de responsabilidade patrimonial que se tramiten ao abeiro do previsto nesta cláusula.

SÉTIMA. -CAUSAS DE RESOLUCIÓN.



As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da comisión de seguimento, pola Presidencia de Portos de Galicia, poñendo fin á vía administrativa.

Serán causas de extinción do convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- A denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes.
- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

A este efecto o incumprimento poderá ser de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grado a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas nel.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar a indemnización dos prexuízos causados; estes prexuízos taxaranse contraditoriamente polas partes.

Cada unha das situacións descritas por sí soa é causa suficiente da resolución do convenio.

No caso de extinción anticipada por algunha das causas anteriores, e respecto ás actuacións en curso, a liquidación deste convenio axustarase ao que segue:

No caso de que sexa preciso realizar obras, estas deberán ser autorizadas por Portos de Galicia, e de non realizarse por causa imputable ao Concello, este aboará as indemnizacións que correspondan.

En todo caso, con carácter previo á súa liquidación, as partes poderán aprobar, a proposta da comisión de seguimento, a finalización de todas as actuacións, fixando un prazo improrrogable para rematalas.

Sen prexuízo do anterior, o convenio, de acordo co art. 51 da Lei 40/2015 extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

OITAVA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten carácter administrativo e o desenvolvemento dos seus compromisos, obrigas e demais actuacións rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, polas normas do artigo 57.5 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia e demais normativa portuaria, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e demais normas de dereito administrativo, e no seu defecto polas normas do ordenamento civil.

O convenio está excluído da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios da mencionada lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, consonte o establecido no seu artigo 4.



As condicións da concesión administrativa " Explotación de Nave de deportes náuticos do porto de Moaña e rampla de varada no DPP de Moaña con destino a Escola Municipal de Remo", outorgada por Resolución 11.05.2017 de mantén a súa vixencia polo prazo de duración estipulado nesta, en canto non resulten incompatibles co disposto neste convenio.

O desenvolvemento dos seus compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexeranse polo establecido nas súas cláusulas.

NOVENA.- MODIFICACION DO CONVENIO.

En caso de modificación do contido deste convenio, estas modificacións formalizaranse mediante addenda a este convenio cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio.

DECIMA. VIXENCIA DO CONVENIO.-

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura, estendendo a súa vixencia nos seguintes termos:

- Respecto da execución das obras obxecto do convenio, o período de vixencia comezará ao día seguinte da sinatura e estendérase ata a sinatura da acta de entrega das obras ao Concello, co límite máximo do 31 de decembro de 2024.

Executadas as obras que forman parte do obxecto do convenio e cumpridas as obrigas asumidas pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, o convenio quedará extinguido respecto desta Consellería. En todo caso, manteranse as obrigas das partes a favor de dita Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

- Respecto das obrigas do Concello, e particularmente a explotación da instalación obxecto do proxecto durante o período recollido no presente convenio para uso de prácticas deportivas de remo e outras compatibles e dos gastos de consumos por servizos, así como o mantemento e a conservación do inmovible e outros asociados como impostos municipais por un prazo de 15 anos.

O artigo 49. h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, establece a duración máxima dos acordos en catro anos, agás que normativamente se contemple un prazo superior.

Este fundamento normativo, para o prazo superior deste acordo, está constituído polo artigo 57.5 da Lei sectorial 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia, que ampara este tipo de acordo de ocupación de dominio portuario autonómico, durante o tempo que sexa preciso. Neste caso, dado o obxecto e finalidade do acordo, e por tratarse de uso de zona portuaria por un órgano da administración local, a duración do acordo será de 15 anos, tendo en conta os efectos no tempo das relacións xurídicas dimanantes do acordo. O acordo entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura, estendendo a súa vixencia por un período de 15 anos, e poderá prorrogarse por acordo expreso de Portos de Galicia e do Concello de Moaña.

En calquera caso, e considerando que os convenios e os títulos de ocupación non poden ter vixencia indefinida conforme á lexislación aplicable, consideramos que as prórrogas non deben exceder en ningún caso do prazo máximo de 50 anos previsto para as concesións demaniais para a ocupación do dominio público portuario.

No caso de extinción anticipada por causa de incumprimento dalgunha das partes, estarase ao previsto na cláusula sétima.



Esta vixencia computarase dende a data de sinatura pola última parte en realizala.

UNDÉCIMA.PUBLICIDADE

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.

Así mesmo, conforme a instrución cuarta a) da Circular nº 1/2016 do 15 de febreiro de 2016, da Comisión interdepartamental de información e aclaración pola que se ditan instrucións en materia de convenios para a aplicación da Lei 1/2016 de 18 de xaneiro de 2016, de transparencia e bo goberno, os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento e autorización para que os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

En virtude co disposto no parágrafo anterior Portos de Galicia, o Concello de Moaña, e a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes consenten expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro do convenio.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

A alcaldesa do Concello de Moaña


Diego Calvo Pouso

Leticia Santos Paz


Presidente da E.P.E Portos de Galicia

José Antonio Álvarez Vidal





SITUACIÓN. PXOM CONCELLO DE MOAÑA e. 1/5.000
NOTA (1).
ESTE PLANO ES COPIA PARCIAL DEL PLANO 4.2.07 CLASIFICACIÓN DEL SUELO DEL PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DEL CONCELLO DE MOAÑA. DOCUMENTO REFUNDIDO



PROPUESTA. PLANTA BAJA e. 1/100

E. ACTUAL. ACCESIBILIDAD. INTERVENCIÓN 1. SECCIÓN 1 e. 1/50

E. ACTUAL. ACCESIBILIDAD. INTERVENCIÓN 1. PLANTA. ALBAÑILERÍA Y COTAS e. 1/50

PROPUESTA. ACCESIBILIDAD. INTERVENCIÓN 1. SECCIÓN 1 e. 1/50

PROPUESTA. ACCESIBILIDAD. INTERVENCIÓN 1. PLANTA. ALBAÑILERÍA Y COTAS e. 1/50

III CRITERIOS GENERALES DE APLICACIÓN

4. A los edificios, establecimientos o zonas de uso sanitario o asistencial de carácter ambulatorio se les debe aplicar las condiciones particulares del uso Administrativo.

USO: CLÍNICA FISIOTERAPIA Y OSTEOPATÍA

SECTORES DE INCENDIO: Sc: < 2.500m²; 1 SECTOR

OCUPACIÓN: 27 PERSONAS

PLANTAS O ZONAS DE OFICINAS: 10m²/persona
LONGITUD MÁXIMO RECORRIDO DE EVACUACIÓN: 18,70m

NOTA(1): TABLA 2.1. DENSIDADES DE OCUPACIÓN
Deben considerarse las posibles utilizaciones especiales y circunstancias de determinadas zonas o recintos, cuando puedan suponer un aumento importante de la ocupación en comparación con la propia del uso normal previsto. En dichos casos se debe, o bien considerar dichos usos alternativos efectos del diseño y cálculo de los elementos de evacuación, o bien dejar constancia, tanto en la documentación del proyecto, como en el Libro del edificio, de que las ocupaciones y los usos previstos han sido únicamente los característicos de la actividad.

EN LAS SALAS SE HA INCREMENTADO LA OCUPACIÓN DEBIDO A LA UTILIZACIÓN ESPECIAL Y CIRCUNSTANCIAL (ACOMPANANTES,...)

SALA 1. RECUPERACIÓN. FISIOTERAPIA NEUROLÓGICA
PERSONAL: 2
PÚBLICO: 4
SALA 2. RECUPERACIÓN. TERAPIA MANUAL
PERSONAL: 1
PÚBLICO: 2 : 1 paciente - 1 acompañante (en caso de menores)
SALA 3. RECUPERACIÓN. TERAPIA MANUAL
PERSONAL: 1
PÚBLICO: 2 : 1 paciente - 1 acompañante (en caso de menores)
SALA 4. RECUPERACIÓN. EJERCICIO TERAPEÚTICO
PERSONAL: 2
PÚBLICO: 4

SECCIÓN SI 3

TABLA 3.1. PLANTAS O RECINTOS QUE DISPONEN DE UNA ÚNICA SALIDA DE PLANTA O DE RECINTO RESPECTIVAMENTE
La longitud de los recorridos de evacuación hasta una salida de planta no excede de 25 m, excepto en los casos que se indican a continuación:
- 35 m en uso Aparcamiento;
- 50 m si se trata de una planta, incluso de uso Aparcamiento, que tiene una salida directa al espacio exterior seguro y la ocupación no excede de 25 personas, o bien de un espacio al aire libre en el que el riesgo de incendio sea irrelevante, por ejemplo, una cubierta de edificio, una terraza, etc.

SALIDA DE PLANTA / RECINTO: 1

SECCIÓN SI 3

TABLA 3.1. PLANTAS O RECINTOS QUE DISPONEN DE UNA ÚNICA SALIDA DE PLANTA O DE RECINTO RESPECTIVAMENTE
La altura de evacuación descendente de la planta considerada no excede de 28 m, excepto en uso Residencial Público, en cuyo caso es, como máximo, la segunda planta por encima de la de salida de edificio(2), o de 10 m cuando la evacuación sea ascendente.

ALTURA EVACUACIÓN ASCENDENTE / DESCENDENTE: 0,00m

TABLA 4.1 DIMENSIONADO ELEMENTOS DE EVACUACIÓN

PUERTAS Y PASOS

A>P/200 > 0,80m
La anchura de toda hoja de puerta no debe ser menor que 0,60 m, ni exceder de 1,23 m.

A>41/200 = 0,205 ≈ 0,80m



6. PUERTAS SITUADAS EN RECORRIDOS DE EVACUACIÓN
Las puertas previstas como salida de planta o de edificio y las previstas para la evacuación de más de 50 personas serán abatibles con eje de giro vertical y su sistema de cierre, o bien no actuara mientras haya actividad en las zonas a evacuar, o bien consistirá en un dispositivo de fácil y rápida apertura desde el lado del cual provenga dicha evacuación, sin tener que utilizar una llave y sin tener que actuar sobre más de un mecanismo. Las anteriores condiciones no son aplicables cuando se trate de puertas automáticas.

NO PROCEDE

3 Abrirá en el sentido de la evacuación toda puerta de salida:
a) prevista para el paso de más de 200 personas en edificios de uso Residencial Vivienda o de 100 personas en los demás casos, o bien,
b) prevista para más de 50 ocupantes del recinto o espacio en el que esté situada.

NO PROCEDE

LEYENDA INSTALACIÓN CONTRA INCENDIOS	
	ARMARIO EMPOTRADO INTEGRANDO BIE 250W 20m, EXTINTOR 21A-113B, PULSADOR DE ALARMA Y CAMPANA DE ALARMA DE INCENDIO. DISPOSICIÓN VERTICAL
	EXTINTOR 21A-113B
	EXTINTOR CO2 5kg
	DETECTOR DE INCENDIO OPTICO
	DETECTOR DE INCENDIO TERMOLÓGICO
	CAMPANA DETECCIÓN INCENDIO
	SIRENA BITONAL
	PULSADOR ALARMA DE INCENDIOS
	CENTRALITA DETECCIÓN DE INCENDIOS



VOLUMEN 1
VOLUMEN 2
VOLUMEN 3
VOLUMEN 4
VOLUMEN 5

OCARIZ
MEANA
CRISTOBAL
ANGEL -
10874731D

Firmado
digitalmente por
OCARIZ MEANA
CRISTOBAL ANGEL
-10874731 D
Fecha: 2023.02.21
14:13:58 +01'00'




FORMATO
CÓDIGO ESTUDIO
22.0003


EL AUTOR
SUSTITUYE A PLANO Nº
DIBUJADOR POR

PLANO Nº





PROMOTOR SECRETARÍA GENERAL PARA EL DEPORTE
DOMICILIO ESPINOSA DE LOS MONSIESES 24 2º ANDAR 19781 SANTO DOMINGO DE LOS CABALLEROS
ARQUITECTO D. CRISTOBAL OCARIZ MEANA, nº de colegiado 10874731 D. COA.G. SUSTITUYE A PLANO Nº
DIBUJADOR POR

PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE REFORMA DE NAVE S.D. TRIANA
SITUACIÓN EN ADARZUELA DE LOS MONSIESES 24 2º ANDAR 19781 SANTO DOMINGO DE LOS CABALLEROS
PLANO PROPUESTA INTERVENCIÓN 1. PG. BIES
ESCALA 1/100
FECHA JULIO 2022





F. CUBIERTA. SECCIÓN TRANSVERSAL



CUADRO DE CARACTERÍSTICAS SEGÚN CTE DB SE A									
ACERO LAMINADO			ACERO CONFORMADO			UNIONES ENTRE ELEMENTOS		COEFICIENTES PARCIALES DE SEGURIDAD	
PERFILES	Clase y designación	S 275 JR	PERFILES	Clase y designación	S 275 JR	Soldaduras	$f_y = 420 \text{ N/mm}^2$	$\gamma_M \geq \gamma_{M1} /$	
	Límite elástico N/mm ²	275		Límite elástico N/mm ²	275	Tornillos ordinarios y calibrados	A-4t	Resistencia o Inestabilidad (pandeo) de piezas	1,05
CHAPAS	Clase y designación	S 275 JR	PLACAS-PANELES	Clase y designación	S 275 JR	Tornillos de alta resistencia	A-10t	Resistencia de los medios de unión	1,25
	Límite elástico N/mm ²	275		Límite elástico N/mm ²	275	Pernos o tornillos de anclaje	B-500-S	Comprobaciones en situaciones extraordinarias	1,00

HORMIGÓN														ACERO			
SISTEMA ESTRUCTURAL	TIPO DE HORMIGÓN	RESISTENCIA CARACTERÍSTICA	CONSISTENCIA Y ASEADO	TAMAÑO MÁX. DEL ÁRIDO	CLASES DE EXPOSICIÓN	RECUBRIMIENTO MÍNIMO/NOMINAL	TIPO DE CEMENTO	CONTENIDO MÍN. DE CEMENTO	MÁX. RELACIÓN AGUA/CEMENTO	NIVEL DE CONTROL	COEFICIENTE MINORACIÓN	RESISTENCIA DE CÁLCULO	SISTEMA DE COMPACTACIÓN	TIPO DE ACERO	NIVEL DE CONTROL	COEFICIENTE MINORACIÓN	RESISTENCIA DE CÁLCULO
CIMENTACIÓN	HA-25/B/20/ila	25 N/mm2	Blanda 6-9 cm.	20 mm.	ila Humedad alta	40/50 mm.	CEM II/A-V 42,5	250 Kg/m3	0.60	Estático	$\gamma_c = 1.50$	16,66 N/mm2	Vibrado	B-500-S	Normal	$\gamma_s = 1.15$	434,78 N/mm2
VIGAS	HA-25/B/20/ila	25 N/mm2	Blanda 6-9 cm.	20 mm.	ila Humedad alta	40/50 mm.	CEM II/A-V 42,5	250 Kg/m3	0.65	Estático	$\gamma_c = 1.50$	16,66 N/mm2	Vibrado	B-500-S	Normal	$\gamma_s = 1.15$	434,78 N/mm2
Coeficientes parciales de seguridad para la resistencia según apartado 15.3 de EHE (Estados Límites Últimos)																	
Acero garantizado con marca AENOR o CIESID Acero soldado																	

40

40

C.1

Arm. sup.: 2Ø12

Arm. inf.: 2Ø12

Estribos: 1xØ8c/30

Referencias

Dimensiones (cm)

Canto (cm)

Armado sup. X

Armado sup. Y

Armado inf. X

Armado inf. Y

P1-P6

100x100

40

6012a/15

6012a/15

P2-P3-P4-P5

160x160

40

5012c/30

5012c/30

5012c/30

5012c/30


CIMENTACIÓN. INTERVENCIÓN 4

Hormigón: HA-25 , Control Estadístico
Aceros en cimentación: B 500 S , Control Normal
Tensión admisible del terreno estimada: 1,0 Kg/cm²

NOTA (1): Si durante la excavación aparece un terreno que no cumple con las características indicadas, se deberá proceder al recálculo de la estructura.
NOTA (2): Previamente al replanteo y ejecución se deberán comprobar las cotas de los planos de estructuras con los planos de cotas y albañilería.



F. CUBIERTA. INTERVENCIÓN 6. SECCIÓN TRANSVERSAL



F. CUBIERTA. INTERVENCIÓN 6

ESTIMACIÓN DE CARGAS.

CARGAS MUERTAS:

TOTAL CARGAS MUERTAS: 0,20 Kn/m²

SOBRECARGA:

SOBRECARGA DE USO: 0,40 Kn/m²


SOBRECARGA DE NIEVE: 0,30 Kn/m²

NOTA (1): PREVIAMENTE AL REPLANTEO Y EJECUCIÓN SE DEBERÁN COMPROBAR LAS COTAS DE LOS PLANOS DE ESTRUCTURAS CON LOS PLANOS DE COTAS Y ALBAÑILERÍA.

NOTA (2): SE CONSIDERA PARA EL CÁLCULO SOBRECARGAS NO CONCOMITANTES


PLACA DE ANCLAJE VIGAS IPE 160. APOYO SI/ MURO DE BLOQUE

Dimensiones Placa = 150x160x8 mm (S275)
Pernos = 6Ø8 mm, B 500 S, Ys = 1.15




PLACA DE ANCLAJE PILARES HEB120

Dimensiones Placa = 200x200x10 mm (S275)
Pernos = 4Ø10 mm, B 500 S, Ys = 1.15




PLACA DE ANCLAJE VIGAS IPE 200. APOYO SI/ PILAR H.A.

Dimensiones Placa = 275x400x15 mm (S275)
Pernos = 14Ø16 mm, B 500 S, Ys = 1.15



F. CUBIERTA. INTERVENCIÓN 7. SECCIÓN TRANSVERSAL



F. CUBIERTA. INTERVENCIÓN 7

ESTIMACIÓN DE CARGAS.

CARGAS MUERTAS:

TOTAL CARGAS MUERTAS: 0,20 Kn/m²

SOBRECARGA:

SOBRECARGA DE USO: 0,40 Kn/m²

SOBRECARGA DE NIEVE: 0,30 Kn/m²

NOTA (1): PREVIAMENTE AL REPLANTEO Y EJECUCIÓN SE DEBERÁN COMPROBAR LAS COTAS DE LOS PLANOS DE ESTRUCTURAS CON LOS PLANOS DE COTAS Y ALBAÑILERÍA.

NOTA (2): SE CONSIDERA PARA EL CÁLCULO SOBRECARGAS NO CONCOMITANTES

CUADRO DE CARACTERÍSTICAS SEGÚN CTE DB SE A							
ACERO LAMINADO			ACERO CONFORMADO			UNIONES ENTRE ELEMENTOS	
PERFILES	Close y designación	S 275 JR	PERFILES	Close y designación	S 275 JR	Soldaduras	$f_u=420N/mm^2$
	Límite elástico N/mm2	275		Límite elástico N/mm2	275	Tornillos ordinarios y calibrados	A-4t
CHAPAS	Close y designación	S 275 JR	PLACAS PANELES	Close y designación	S 275 JR	Tornillos de alta resistencia	A-10t
	Límite elástico N/mm2	275		Límite elástico N/mm2	275	Pernos o tornillos de anclaje	B-500-S
						COEFICIENTES PARCIALES DE SEGURIDAD	
						f_{yk}	γ_{M1} /
						Resistencia o Inestabilidad (pandeo) de piezas	1,05
						Resistencia de los medios de unión	1,25
						Comprobaciones en situaciones extraordinarias	1,00

OCARIZ
MEANA
CRISTOBAL
ANGEL -
10874731D

Firmado
digitalmente por
OCARIZ MEANA
CRISTOBAL ANGEL
- 10874731D
Fecha: 2023.02.21
14:11:06 +01'00'

09 EL AUTOR
FIRMADO
CÓDIGO ESTUDIO
22.0003
SUSTITUIR A PLANO Nº:
DIBUJADO POR

PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE REFORMA DE NAVE S.D. TIRÁN
DOMICILIO SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
EDIFICIO EGAP, RÚA MADRID 24 2º ANDAR, 15.781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
ARQUITECTO D. CRISTOBAL OCARIZ MEANA, nº de colegiado 1.039 de C.O.A.A.
RUA DAS HERBAS 9º 2º F. 15.189 MILANOSPO - AMES A CUBA
981 533 782 - 629 262 182 - carl@me.com

PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE REFORMA DE NAVE S.D. TIRÁN
SITUADA EN AVDA. JOSÉ COSTA ALONSO 1, 38.858 MONSA
PLANO PROPUESTA INTERVENCIÓN 6. INTERVENCIÓN 7
ESCALA 1/50
FECHA JULIO 2, 2022
EL PRESENTE DOCUMENTO ES COPIA DE SU ORIGINAL, DEL QUE ES AUTOR EL ARQUITECTO CRISTOBAL OCARIZ MEANA, SU UTILIZACIÓN TOTAL O PARCIAL, ASÍ COMO CUALQUIER REPRODUCCIÓN O CESIÓN A TERCEROS, REQUIERIRÁ LA PREVIA AUTORIZACIÓN EXPRESA DE SU AUTOR QUEDANDO PROHIBIDA, EN TODO CASO, CUALQUIER MODIFICACIÓN UNILATERAL DEL MISMO.